



PROPOSTA DE BASES E CONVOCATORIA DA VII MOSTRA DE TEATRO AFECCIONADO CONCELLO DE ZAS 2024

“LABARTA POSE”

1. OBXECTO

A Mostra de Teatro do Concello de Zas xorde co propósito de fomentar a cultura no eido das artes escénicas, en particular, no eido afeccionado. Pretende ser unha cita anual á que poidan acudir as compañías de teatro amateur, e favorecer así o teatro feito en Galicia e en galego.

2. PARTICIPANTES.

Poderán participar todos os grupos/compañías de teatro afeccionado de Galicia. Para participar poderano facer tanto as persoas naturais ou xurídicas, como as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan representar actuacións teatrais.

Neste último caso deberase nomear un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que lle poidan corresponder á agrupación. Neste caso, deberán facerse constar expresamente na solicitude.

3. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DOS PREMIOS

Os presentes premios concederanse mediante concorrencia competitiva, no que os participantes definidos no apartado anterior poderán presentar ao concurso o número de obras que desexen, das cales só poderá ser seleccionada como finalista unha.

O anuncio das presentes bases levarase a cabo na BDNS e no boletín oficial da provincia da Coruña, contando o prazo de inscrición a partir do seguinte a aquel en que se leve a cabo a publicación no BOP.

Todas as demais resolucións e comunicacións que se produzan no expediente, serán anunciadas a través do taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Zas bastando dita exposición no día que se inicie como notificación para todos os efectos.

4. NORMAS DE PARTICIPACIÓN.

4.1. Para poder participar deberase facer chegar:

* Ficha de inscrición da compañía/grupo de teatro afeccionado (Anexo I) e documentación que se require nel.

* Ficha de inscrición da obra (Anexo II)

4.2 Por parte do grupo ou compañía acéptase a difusión de imaxes ou a difusión de parte ou da totalidade da obra seleccionada a concurso.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

4.3 Será por conta dos grupos participantes a autorización do/a autor/autora da obra. Os dereitos de representación das obras presentadas, se así fose necesario, correrán a cargo dos grupos participantes.

5. INSCRICIÓN E DOCUMENTACIÓN.

5.1 A persoa que exerza como representante ou director/a da obra debe facilitar na ficha de inscrición da compañía/grupo de teatro afeccionado (Anexo I): nome e apelidos e DNI, así como: nome da compañía/grupo, o domicilio fiscal da compañía/grupo, código postal, localidade, teléfono/s de contacto, correo electrónico e CIF.

5.2 . A persoa que exerza como representante ou director/a da obra debe facilitar na ficha de inscrición da obra (Anexo II): título e autor/a, xénero, duración, público ao que vai dirixida, reparto (nome e apelidos dos actores/actrices e papel ou papeis que representan, sinopse, características técnicas (medidas da escenografía, potencia de luces, etc...) así como sinalar a/as data/s preferentes para a realización da actuación no caso de resultar finalista a obra.

5.3. Deberase facilitar, xunto coas fichas de inscrición (Anexos I, II e III)

* Un vídeo do espectáculo completo, en formato DVD/CD, en lapis de memoria, tarxeta,... (copia, nunca orixinal), ou ligazón web no que poder visionalo.

* Toda a documentación posible sobre o grupo/compañía: historia, certames aos que concorreu, e páxina web, blogue, facebook,... do grupo no caso de telo/s.

* Mínimo 2 fotografías da obra en formato dixital (preferiblemente .jpeg) para a súa promoción.

* Declaración responsable consonte ao Anexo III

5.4. É obrigatorio presentar a documentación e os datos pedidos en todos os apartados anteriores, así como de ser o caso, os que se indican deseguido.

5.5. As compañías seleccionadas como finalistas deberán achegar igualmente:

* Xustificante bancario do número de conta da que sexa titular o beneficiario do premio.

* Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, ou autorización ao Concello a consultar os datos, previa cumprimentación e sinatura do formulario para tal autorización (Anexo IV).

A documentación requirida nesta apartado pode presentarse xunto coa instancia de participación ou ben posteriormente cando se lle comunique, de ser o caso, que é finalista.

No caso de que presente a dita autorización debidamente asinada dende o principio, o Concello de Zas fará a comprobación de oficio para todas as actuacións que o requiran.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

No caso de non estar ao corrente perderán a condición de beneficiarios dos premios.

5.6 . As solicitudes presentaranse no Rexistro do Concello de Zas ou en calquera dos medios indicados no art. 16 da Lei 39/2015.

Cando a documentación se envíe por correo certificado, o/a solicitante deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao Concello de Zas a remisión da inscrición mediante correo electrónico (mostrateatrozas@gmail.com) no mesmo día (achegarse copia de correos).

Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a documentación se é recibida polo Concello con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado no anuncio.

Transcorridos, con todo, os dez días seguintes á indicada data sen recibirse a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

No caso de enviala por correo certificado, o enderezo postal é o seguinte:

MOSTRA DE TEATRO AFECCIONADO CONCELLO DE ZAS “LABARTA POSE”

Concello de Zas

Praza do Campo N° 1

15850 - Zas, A Coruña

(O horario do Rexistro do Concello de Zas é de luns a venres de 9:00 a 14:00 h.)

6. PRAZO.

O prazo de inscrición comeza a contar dende o día seguinte á publicación no BOP, sendo o prazo límite de inscrición e entrega da documentación o **1 de abril de 2024**.

Rematado o dito prazo, o órgano instrutor, que será o concelleiro de Cultura do Concello de Zas, cotexará o cumprimento dos requisitos establecidos nas presentes bases, e por resolución de Alcaldía, aprobarase unha relación provisional das obras presentadas que participan no concurso. No caso daquelas solicitudes ás que lles falte documentación, terán un prazo de 5 días naturais para emendar as deficiencias existentes na documentación. Transcorrido o dito prazo publicarase a relación definitiva das obras presentadas que participarán no concurso, concedéndose un prazo de dous días naturais a efectos de reclamacións.

De non ser necesario requirir documentación elevarase a listaxe provisional a definitiva sen necesidade de transcorrer os 5 días naturais.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

7. SELECCIÓN DE FINALISTAS E XURADO.

7.1. Todas as obras participantes no concurso consonte ao establecido anteriormente, serán remitidas ao xurado para que realice a selección dos cinco espectáculos finalistas. Asemade, elixirá 3 reservas.

7.2. O xurado estará composto por:
Concelleiro de Cultura do Concello de Zas ou concelleiro/a que o substitúa.

- * Traballador/a da área de cultura ou deportes do Concello de Zas ou traballador do Concello de Zas que o substitúa.
- * D. Ricardo Viguere Gil, membro do grupo de Teatro Badius ou persoa que o substitúa.
- * D. Alberto Villar López, membro do grupo de Teatro Badius ou persoa que o substitúa.
- * D. Pablo G. Soto Vídela, membro do grupo de Teatro Badius ou persoa que o substitúa.

No caso de que se produza a substitución dalgún dos membros do xurado, a mesma, publicarase na páxina web cunha antelación mínima de dous días naturais.

7.3 Feita a selección anterior, o órgano instrutor formará a relación definitiva das obras finalistas que serán representadas, consonte ao establecido nas presentes bases. A dita relación será publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Zas.

7.4. Os finalistas farán as representacións das obras consonte ao establecido deseguido, e o xurado procederá a valorar e entregar os premios consonte ao sinalado nas presentes bases.

En todas as representacións deberá haber como mínimo tres persoas do xurado presentes.

O público poderá emitir a súa valoración do espectáculo ao finalizar as representacións por medio de cuestionarios que lles serán facilitados pola organización da Mostra, puntuando do 1 ao 5 a obra. A puntuación do espectáculo será a que resulta da suma de todas as puntuacións dividida polo número de votantes.

8. REPRESENTACIÓNS.

As funcións de presentación das obras finalistas seleccionadas na VI Mostra de Teatro do Concello de Zas, **realizaranse durante os sábados, 20, 27 de abril, 4, 11 e 18 de maio de 2024, sendo o sábado 25 de maio a entrega de premios da Mostra.**

No caso de que se modifique algunha data ou horario comunicarase a través da páxina web.

Aos grupos finalistas comunicaráselles o día e hora, ben por teléfono ou ben por correo electrónico. No caso de que algún dos mesmos non puidese participar, deberá comunicalo ao Concello coa maior brevidade posible e remitir un documento escrito no que quede constancia



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

deste feito.

O horario das representacións será entre as 20:00h e as 21:00 h. O horario da entrega de premios será a partir das 18 h.

O lugar de representación das obras finalistas distribuirase entre o Auditorio do pavillón polideportivo de Baio e o Auditorio da Casa do Concello de Zas.

A organización poderá cambiar o lugar e/ou hora de representación se circunstancias de forza maior o fixesen imprescindible.

Correrán a cargo dos grupos todos os custos derivados da representación, entre outros, os labores de carga e descarga, así como a montaxe e a desmontaxe de decorados e escenografía, serán realizadas por persoal da compañía ou grupo.

9. PREMIOS:

Establécense os seguintes premios:

9.1. De carácter económico: por importe de 3.900,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 334.489.00, repartidos do seguinte xeito:

- * Premio á mellor obra elixida polo xurado, dotado de 900 €, trofeo e diploma acreditativo.
- * Premio á segunda mellor obra elixida polo xurado, dotado de 700 €, trofeo e diploma acreditativo.
- * Premio á terceira mellor obra elixida polo xurado, dotado de 700 €, trofeo e diploma acreditativo.
- * Premio á cuarta mellor obra elixida polo xurado, dotado de 700 €, trofeo e diploma acreditativo.
- * Premio á quinta mellor obra elixida polo xurado, dotado de 700 €, trofeo e diploma acreditativo.
- * Premio á mellor obra elixida polo público: (o espectáculo coa puntuación media máis alta), dotado de 200 €, trofeo e diploma acreditativo.

Os premios faranse efectivos previo cumprimento dos requisitos esixidos na cláusula 5.5

Os premios están suxeitos ás retencións legalmente establecidas.

Entregaráselle tamén a cada unha, un diploma acreditativo.

9.2: Premios ao mellor actor e á mellor actriz, consistente nun trofeo e diploma acreditativo.

10. MEDIOS TÉCNICOS.

O Concello de Zas porá a disposición dos grupos seleccionados o material de iluminación e son por se o precisan:

VII MOSTRA DE TEATRO AFECCIONADO CONCELLO DE ZAS

Páxina 5 de 10



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

* Caixa negra.

* 6 focos frontais de 1000 w, 6 focos interiores (2 de 1000 w e 4 de 300 w)

* 1 mesa de luces.

* Mesa de son de 8 canais.

* Reprodutor de DVD.

* 2 altofalantes de sala auto amplificados, de 300W.

* Auditorio da Casa do Concello de Zas: escenario de 6 m. de ancho, 4 m. de fondo e 3,70 m. de alto

* Auditorio do pavillón polideportivo de Baio: escenario de 6,5 m. de ancho, 7 m. de fondo e 2,8 m. de alto

11. CONFORMIDADE.

11. 1. Todos/as os/as participantes, polo mero feito de selo, aceptan as presentes bases na súa totalidade.

11.2 Calquera circunstancia non prevista nas bases e a súa interpretación será responsabilidade do xurado e do Concello de Zas de maneira inapelable.

Zas, na data da sinatura electrónica

O alcalde,

Asdo.- D. Manuel Muiño Espasandín.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

ANEXO I. FICHA DE INSCRICIÓN DA COMPAÑÍA/GRUPO DE TEATRO AFECCIONADO

Os seguintes datos deberán ser cubertos pola persoa que exerza como representante da compañía/grupo teatral, ou polo/a director/a da obra a representar:

NOME E APELIDOS:	DNI
NOME DA COMPAÑÍA/GRUPO	DOMICILIO DA COMPAÑÍA/GRUPO
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE
TELÉFONO FIXO:	E-MAIL:
Ademais destes datos, é necesario enviar (sinalar cun X o que se achega):	
TELÉFONO MÓBIL:	OUTRA FORMA DE CONTACTO:
1. <input type="checkbox"/> Anexo I debidamente cuberto	
CIF DO GRUPO 2. <input type="checkbox"/> Anexo II debidamente cuberto	Nº DE CONTA BANCARIA (24 díxitos)
3. <input type="checkbox"/> Copia en DVD/CD, lapis de memoria, tarxeta	
4. <input type="checkbox"/> Enlace web no que se poida visionar a obra:	
5. <input type="checkbox"/> Breve historia da compañía ou grupo	
6. <input type="checkbox"/> Listaxe de certames aos que concorreu a obra presentada, de ser o caso	
7. <input type="checkbox"/> Páxina web, blogue, facebook, ...	
8. <input type="checkbox"/> 2 fotografías do espectáculo en formato dixital (preferiblemente .jpeg)	
9. <input type="checkbox"/> Xustificante bancario do número de conta onde se fará o pagamento	
10. <input type="checkbox"/> Anexo III debidamente cuberto	



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

ANEXO II. FICHA DE INSCRICIÓN DA OBRA

TÍTULO DA OBRA: *		AUTOR/A DA OBRA:							
		<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>							
XÉNERO:		DURACIÓN:							
PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDA:		DATA/S PREFERENTE/S PARA A REALIZACIÓN DA ACTUACIÓN (no caso de ser seleccionada a obra)							
		<table border="0"> <tr> <td>Calquera</td> <td>4 de maio</td> </tr> <tr> <td>20 de abril</td> <td>11 de maio</td> </tr> <tr> <td>27 de abril</td> <td>18 de maio</td> </tr> </table>		Calquera	4 de maio	20 de abril	11 de maio	27 de abril	18 de maio
Calquera	4 de maio								
20 de abril	11 de maio								
27 de abril	18 de maio								
REPARTO:									
NOME E APELIDOS		PAPEL/PAPEIS							
SINOPSE:									
CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS (Medidas da escenografía, potencia de luces, etc,..)									

* Recordámosvos que será por conta dos grupos participantes a autorización do/a autor/autora da obra. Os dereitos de representación das obras presentadas, se así fose necesario, correrán a cargo dos grupos participantes.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

ANEXO III: DECLARACIÓN RESPONSABLE

Dº/Dª (nome e apelidos) _____

Con DNI _____, domicilio _____

Teléfono _____, Correo electrónico _____

Actuando (marcar o que proceda) en:

Nome propio

En representación de:

Nome/Razón social _____

NIF _____

actuando en calidade de _____, para o que ostenta a capacidade necesaria,

DECLARA, BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE que:

1. O grupo/compañía ao que represento atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social .

2. Nin o grupo/compañía ao que represento nin ningún dos seus membro, se atopa en ningún suposto de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas.

3. Nin o grupo/compañía ao que represento nin ningún dos seus membros se atopan incursos en ningunha das prohibicións do art. 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

4. Nin o grupo/compañía nin ningún dos seus membros ten obrigas pendentes por reintegro de subvencións.

5. Que autoriza o uso dos datos do grupo/compañía e o seu representante legal para calquera información que debe ser rendida en cumprimento de disposicións legais de calquera tipo.

_____, de _____ de 2024

SINATURA



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

ANEXO IV: AUTORIZACIÓN CESIÓN DE DATOS

Dº/Dª (nome e apelidos) _____

Con DNI _____, domicilio _____

Teléfono _____, correo electrónico _____

Actuando (marcar o que proceda) en:

Nome propio

En representación de:

Nome/Razón social _____

NIF _____

actuando en calidade de _____, para o que ostenta a capacidade necesaria,

AUTORIZA AO CONCELLO DE ZAS

A solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado e da Seguridade Social, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de contratación o estime oportuno.

Os presentes datos son certos e válidos en tanto non se lle comunique o contrario por escrito ao Concello

_____, ____ de _____ de 2024

SINATURA